

## 1.2 FACTORES DE COMPETITIVIDADE

### 1.2.1 I+D+i

Son moitas as análises que consideran que o investimento en I+D+i é imprescindible para o crecemento económico futuro. O progreso tecnolóxico será unha condición necesaria, aínda que non suficiente, para que a UE e os seus países integrantes consigan o empurre económico que precisan, acompañado de maiores niveis de emprego. O incremento da produtividade derivado deste tipo de progreso tecnolóxico non é unha ameaza para o emprego agregado, senón que supón a engrenaxe necesaria para completar o motor da competitividade e o crecemento que produce, pola súa vez, maiores niveis de emprego.


Ata o de agora, a Comunidade Autónoma de Galicia non se caracterizou por un esforzo de I+D relevante, máis ben todo o contrario, pois estivo sempre por debaixo da media española e, porén, tamén da europea, aínda que é certo que na última década empeza a cobrar máis importancia e a converxer coa media española. Un dato serve para reflectir esta realidade: despois de anos

de presenza residual sobre o PIB, no ano 2007 o gasto en I+D en Galicia sitúase por primeira vez por riba do 1% do produto interior bruto.

Así pois, segundo a estatística do INE, o gasto interno en I+D supera os 555 millóns de euros no ano 2007, o que supón un incremento absoluto de 100 millóns de euros con respecto ao ano anterior, é dicir, un 23% máis, que sobe ata os 584,2 millóns de euros no ano 2008, un 1,04% do PIB. Este feito supón un aumento significativo non só en termos absolutos, senón tamén en canto á converxencia, pero aínda está lonxe do obxectivo do 3% que vén marcado pola axenda de Lisboa para o ano 2010.


Se debullamos os datos anteriores e nos fixamos no suxeito do gasto de I+D, apreciamos como, por primeira vez, no ano 2007, o sector privado é o que executa máis da metade do gasto, o cal pode darnos, a priori, unha información errónea, pois iso non quere dicir que sexa achegado

**EVOLUCIÓN DO GASTO TOTAL EN I+D+i EN GALICIA (MILES DE EUROS)**



Fonte: INE

**GASTOS EN I+D+i SOBRE O PIB (%) GALICIA, ESPAÑA, UE-27**



Fonte: IGE, INE e EUROSTAT.

polas empresas, senón que boa parte deste é financiado polo sector público. Como contrapartida, o volume de gasto en I+D executado polo sector público permanece estancado dende o ano 2004, ao igual ca o universitario, estable dende principios deste século. Así pois, a tendencia é que a porción de gasto en I+D+i do sector empresarial privado se achega por primeira vez aos niveis dos países do noso contorno, o cal, como xa dixemos, non quere dicir que o esforzo I+D empresarial/PIB sexa así; esta ratio é moi diferente e está moi lonxe de alcanzar as cifras europeas. Este camiño percorrido é froito dunha reasignación de recursos do sector público ao sector privado da economía.

En canto ao emprego, a poboación galega empregada en actividades relacionadas co I+D+i representa o 5% do total nacional, unha proporción que está por debaixo do peso do emprego total sobre o conxunto de España, aínda que a evolución está a ser positiva nos últimos anos.

Así pois, a modo de conclusión desta epígrafe, podemos dicir que o investimento de I+D+i dun país vén determinado pola creación de infraestruturas de servizos tecnolóxicos e o apoio a centros de investigación que cubran as necesidades tecnolóxicas e de asesoramento da actividade pública e privada, a creación de empresas en actividades produtivas de alto contido tecnolóxico, pero tamén a través da educación, preparando o persoal cualificado para traballar neste tipo de actividades. Se afondamos nestes tres eixes, conseguiremos reducir a eiva existente neste terreo.